

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS NO EIDO CULTURAL E CREATIVO, NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA,

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)**, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 73.

Está representada neste acto por D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, de 7 de setembro de 2020), e actuando na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade coa aceptación de cargo formalizada ante o Rexistro de Fundacións de interese galego o 02 de marzo de 2015.

E doutra, **CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, con domicilio no Polígono de Costa Vella. R/ República Checa nº 40, CIF Q1573004G.

Está representada neste acto por D. José Sierra Fernández, na súa condición de Presidente da corporación en virtude de nomeamento plenario de 16 de abril de 2018.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en adiante Fundación)** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “*organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución*”. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constituía un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural*.

Segundo o artigo 7 dos seus estatutos, para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a Fundación pode realizar seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa*



cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento e das Industrias Culturais en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento, con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional. Este tipo de actividade da Fundación deriva do *II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia*, aprobado polo Consello da Xunta.

Neste sentido, no seu plan de actividades, se indica como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o “*Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.*”

O II Plan Estratéxico fixa como liña de acción para o período 2022-2027, a seguinte:

Acción 1.7.3 Programación regular de emprendemento

Relación co marco estratéxico	OE 3. Impulsar os procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego. OO 3.2 Impulsar iniciativas innovadoras de apoio ao talento, aos emprendedores e aos creadores.
Xustificación da necesidade	A Cidade da Cultura foi pioneira na promoción do emprendemento cultural e creativo en Galicia, sendo quen de aglutinar e colaborar con entidades relevantes neste eido de Galicia e España. Cómpre manter este posicionamento e continuar co apoio a novos proxectos emprendedores.



Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">- Continuar co posicionamento da Cidade da Cultura como unha entidade relevante no eido do emprendemento cultural e creativo, engadindo novas accións neste eido e no da innovación social e o seu vínculo cos ODS, a través de programas propios ou colaboracións con entidades (Ashoka...).- Colaborar con entidades do eido da promoción económica e emprendemento.- Mellorar a taxa de supervivencia das novas empresas culturais e creativas galegas.
Descrición da acción	Encontros profesionais, xornadas informativas e de mentorización e soporte, a desenvolver en colaboración con entidades con competencias neste eido. Nesta nova etapa, procurarase centrar a actividade en proxectos e novas empresas culturais e creativas, prestando servizos de valor máis aló de ser unha solución espacial. Unha primeira actividade será a Factoría das Industrias Culturais e Creativas, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago.
Tarefas	<ul style="list-style-type: none">- Programas actividades en colaboración cos socios estratéxicos.- Executar un paquete de medidas coordinado de apoio ao emprendemento no eido cultural e creativo

A Fundación pertence ao sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, e como tal está incluída no ámbito de aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público, de acordo co previsto no artigo 45 desta lei.

En virtude do anterior, a Fundación asume como propias as medidas a adoptar polo conxunto da Xunta de Galicia para paliar a situación de crise económica que sofre, entre outros, o sector cultural galego, debido a crise sanitaria provocado polo COVID19.

Neste sentido, a Xunta de Galicia aprobou, en Consello da Xunta o 30 de abril de 2020, un Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, entre cuxas medidas a adoptar, se atopan as tendentes á formación, profesionalización e mellora da competitividade no sector cultural e de asesoramento e consultoría para empresas e profesionais culturais.

Estas medidas teñen por obxectivo o de favorecer o consumo de produtos culturais, mediante o mantemento e impulso da actividade, incentivar o mantemento da industria cultural galega e do emprego ante as restricións motivadas pola crise sanitaria, apoiándose tamén na programación do Xacobeo 2021 e impulsar medidas de fomento da creatividade e da produción cultural.

Todas estas medidas, se enclavan nos seguintes eixes de actuación no ámbito cultural;

1. Activación da industria cultural galega
2. Mantemento do emprego cultural
3. Fomento do consumo cultural
4. Formación, profesionalización e mellora da competitividade

SEGUNDO.- Que a CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en diante, A CÁMARA) é unha corporación de Dereito Público, e órgano consultivo da Administración Autonómica, que ten encomendadas a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, da industria e dos servizos de demarcación



de Santiago de Compostela. Entre as súas funcións público-administrativas está a de colaborar cos órganos da Xunta de Galicia na elaboración, desenvolvemento, execución e seguimento dos proxectos que se deseñen para o incremento da competitividade do comercio, propoñer medidas para o fomento destes.

Máis especificamente, atendendo ao artigo 5.2 da Lei 4/2014, de 1 de abril, básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Servizos e Navegación:

“Tamén corresponderá ás Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación, desenvolver as funcións público-administrativas que se enumeran de seguido, na forma e coa extensión que se determine, no seu caso, polas Comunidades Autónomas:

(...)

c) Colaborar coas Administracións Públicas como órganos de apoio e asesoramento para a creación de empresas.”

A Cámara ten, por tanto, un carácter transversal, estando facultada por lei para realizar aquelas actividades e servizos que sexan necesarios para a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación das empresas da súa demarcación territorial.

Entre os seus fins se atopa a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos ás empresas, para o que a Cámara promove numerosas e distintas actividades formativas e de asesoramento que redundan no crecemento económico e a creación de emprego na nosa comunidade.

TERCEIRO.- A situación económica e financeira no último decenio supuxo una fenda entre o desexo de constituír un proxecto empresarial no ámbito cultural e o logro da súa sustentabilidade, que se viu acrecentada nos últimos dous anos como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid-19.

Por iso as políticas económicas e sociais deben ir dirixidas non só cara á creación e desenvolvemento das *pemes* e *micropemes*, en tanto conforman máis do 90% do noso tecido produtivo, senón tamén a que poidan alcanzar a estabilidade no desenvolvemento da súa idea cunha suficiente viabilidade financeira a través da comercialización do seu produto ou servizo. Este é xa un obxectivo prioritario para a Administración e para todas as institucións que, dalgunha maneira, prestan activamente servizos de apoio e acompañamento ao emprendedor do sector cultural e creativo.

É necesario que as novas vocacións empresariais, as empresas de recente constitución, ou en fase de crecemento, atopen a tutela e os medios precisos para favorecer a súa sustentabilidade e consolidación. É neste punto onde entran en xogo os Centros de emprendemento que, do mesmo xeito que os Viveiros de Empresas, aceleradoras, coworkings e outros espazos de incubación e aceleración de proxectos reveláronse como ferramentas eficaces e eficientes para a rexeneración do tecido produtivo e a creación de emprego, ao ser instrumentos óptimos para a creación, posta en marcha e consolidación de novos proxectos empresariais.

Sen estes Centros, as novas vocacións empresariais terían máis difícil que as ideas se convertan en proxectos tanxibles e as novas *micropemes* carecerían da tutela e protección necesaria, sen a que estarían encamiñadas, nunha porcentaxe moi elevada, á súa morte temperá.



Pola contra, as empresas que nacen baixo o amparo destes organismos teñen uns índices moi superiores de supervivencia, logrando investir a pirámide de mortalidade empresarial, de forma que máis do 80% dos novos proxectos empresariais sobreviven despois do período establecido de localización, mentres que aquelas que non contan con ese apoio morren, de media, un 70% nos catro primeiros anos de andaina empresarial.

Por iso, a día de hoxe ninguén dubida da súa importancia como **instrumentos crave de consolidación empresarial, xeración de emprego e de riqueza na zona de influencia na que se establecen.**

Segundo a **National Small Business Administration (NBIA)**, ao cabo de tres anos, a taxa de éxito para negocios incubados oscila entre o 75 e 80%, fronte ao 20-25% que reportan os non incubados.

Por outra banda, datos da **Comisión Europea** indican que **o 80% das empresas innovadoras europeas pechan antes de completar un ano, mentres que ese número descende a 20% cando se trata de empresas instaladas en incubadoras.** Despois de 5 anos, a taxa de supervivencia media dos emprendementos que naceron e desenvolvéronse nos centros de empresas e innovación, é de ao redor de 89%, valor moi superior á media europea que non alcanza o 50% para as empresas que se crearon sen ningún tipo de asistencia.

Con todo, para que estes ratios se cumpran, os Centros de emprendemento e Viveiros de empresas teñen que configurarse como moito máis que un mero centro de aloxamento de proxectos empresariais. Deberían configurarse como verdadeiros **centros de “alto rendemento” de proxectos empresariais**, como centros de acompañamento empresarial, onde o emprendedor cultural poida contar con servizos de asesoramento, consultoría, formación, mentorización, networking, dixitalización etc, que lle permitan estudar, analizar, coñecer e dar a coñecer o seu proxecto, e nacer e desenvolverse nun ambiente onde o coñecemento e as oportunidades tradúzase en algo viral que se contaxie duns a outros e onde, entre todos, emprendedores e persoal técnico e de apoio, se cree un ecosistema sólido e forte de creación, xeración, posta en marcha e consolidación de proxectos empresariais nun sector, como o cultural e creativo, que evoluciona vertixinosamente.

A Cámara de Comercio de Santiago, conta con experiencia para a xestión de centros de emprendementoe viveiros de empresa. De feito, o Viveiro da Cámara de Comercio de Santiago, recoñecido por FUNCAS (Fundación de Caixas de Aforro) coa cualificación de mellor Viveiro de España na categoría de vivieros avanzados (ano 2021), caracterízase por ofrecer, ademais do espazo físico, un espazo de acompañamento empresarial, onde o emprendedor vai recibir non soamente servizos de infraestrutura e loxística, senón tamén formación, tutorización, consultoría, networking, mentorización e asesoramento especializado segundo as necesidades propias de cada proxecto.

Aproveitando a aprobación do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, o Centro de Emprendemento debe evolucionar para conseguir este obxectivo é fundamental dotalos de contido e dunha programación de actividades complementarias capaces servir como instrumento a favor do emprendemento e a consolidación empresarial do sector cultural, á vez que sirva como punta de lanza para a promoción e reforzo do propio proxecto do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia.

CUARTO.- Nesta nova visión, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten marcado unha serie de liñas de actuación, en execución do seu II Plan Estratéxico, que pasan, nunha primeira fase cuia execución está prevista para o ano 2022, pola revisión do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Emprendemento, a aprobación de bases, convocatoria, e divulgación para acoller novas iniciativas emprendedoras culturais, e finalmente, a selección das actividades de acompañamento empresarial ou profesional como pilar fundamental do que se denomina proxecto de “Factoría de Industrias Culturais e Creativas” no Gaiás.



En paralelo, segue a ser vital o asesoramento xeral na captación de axudas e recursos, sobre a base dos distintos plans de reactivación do sector cultural e creativo deseñados a todos os niveis,

Con este convenio asegúrase así a realización de diversas actividades tendente ao promoción do Emprendemento Cultural.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio a colaboración de ambas partes, coa posta a disposición de medios e recursos polas dúas entidades, para que o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia se converta nunha factoría de creación de realidades empresariais coherentes, sostibles e dotadas dunha cadea de valor que as diferencie nun mercado tremendamente competitivo, como é o cultural e creativo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **CÁMARA** se obriga a executar as accións e realizar as actividades que se indican a continuación, sempre que estean realizadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e rematadas antes do 20 de decembro do ano 2022 .

1. Realizar labores de asesoramento en captación de axudas e recursos como medida de reactivación do sector cultural COVID. Dito asesoramento concretarse en atender aquelas consultas formuladas tanto presencialmente (no Gaiás ou na sede da Cámara) como de xeito telemático, polas empresas e iniciativas emprendedoras do sector cultural e creativo sobre aspectos relativos á creación de empresas, metodoloxía, normativa, fiscalidade, ademais de sobre todo tipo de axudas e subvencións concretas que as empresas soliciten vencelladas co sector.
2. Colaborar coa Fundación na revisión do regulamento de réxime interno do CEM, dende a perspectiva dos criterios de selección das empresas culturais que se ubiquen no CEM.
3. Participar, xunto coa Fundación, na preparación de novas convocatorias de prazas (a realizar pola Fundación no ano 2022), así como colaborar na divulgación de ditas convocatorias, especialmente enfocadas a acoller novas iniciativas emprendedoras de carácter cultural e creativo.
4. Relacionado co anterior, fomentar o emprendemento a través da educación, mediante a realización de ata seis xornadas especialmente dirixidas aos centros de ensino secundario e ciclos formativos, así como aos centros universitarios, dos sectores relacionados coa industrial cultural e creativa (artes gráficas, imaxe e son, servizos socioculturais e á comunidade), a desenvolver no período de convocatoria da de prazas sinalada no punto anterior. A título de exemplo, a divulgación debe realizarse nos seguintes Graos:
 - a. Grao en Belas Artes e Grao en comunicación audiovisual (Universidade de Vigo).
 - b. Grao en estudos lingüísticos e literarios, Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos, e Grao en Comunicación Audiovisual (Universidade de A Coruña).
 - c. Grao en Xestión Cultural, Grao en Lingua e Literatura, Grao en Periodismo e Grao



en Comunicación Audiovisual (Universidade de Santiago de Compostela).

- d. Ciclos medios e superiores relacionados co sector cultura e creativo, Escolas de Arte e Deseño.
5. Participación na selección dos candidatos que presenten a súa candidatura para ocupar prazas convocadas no CEM.
 6. Preparación e execución de dous programas formativos para o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia, en colaboración coa Fundación INCYDE ou a través dos seus propios recursos, .
 7. A facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
 8. Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
 9. Presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma. A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Fundación para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/6798 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2013, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/198983, de 98 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas fiscais e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.
 10. A destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Fundación poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN** se obriga a;

1. Exercer a supervisión, coordinación e seguimento dos traballos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/ha técnico/a, que será o interlocutor entre a Fundación e a Cámara de Comercio.
2. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así como o apoio e asesoramento técnico preciso.
3. Contribuír á difusión dos resultados dos traballos obxecto do presente convenio.
4. Dotación dun espazo para os técnicos da Cámara de Comercio, para a realización de labores de asesoramento como medida de reactivación do sector cultural COVID
5. Aboar á CAMARA as actividades definidas neste convenio, como compensación polos gastos que lle ocasione o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, dado que a Fundación considera de interese apoiar á realización de tales accións

TERCEIRA.- PAGAMENTO

A Fundación comprométese a aboar a cantidade de 40.000,00 € (IVE incluído), con cargo aos



orxamentos de investimento inmaterial da Fundación do exercicio 2022, con destino á aboar ás actividades desglosadas no Anexo I deste convenio.

A FUNDACIÓN aboará a cantidade prevista unha vez que a CÁMARA presente a xustificación do cumprimento do obxectivo do convenio, do xeito que se establece na cláusula cuarta.

O pagamento aboará exclusivamente o custo da realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade é o 20 de decembro do ano 2022.

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a Cámara de Santiago de Compostela presentará antes da data anteriormente indicada a seguinte documentación:

- As facturas correspondentes, emitidas pola Cámara de Comercio á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos. No seu caso, achegaranse a documentación acreditativa das actividades realizadas, fichas de asesoramento, proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento das actividades. Así mesmo, deberá acreditarse a colaboración da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- En todo caso, a Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación dos gastos.

Procederase a minorar a achega económica cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio, teñan un custo inferior ao importe total do orzamento estimativo que presentou a entidade, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da FUNDACIÓN, e actuará como secretario un dos representantes da CAMARA.



A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas



do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata estenderase ata o 20 de decembro de 2022, sen prexuízo de que as actuacións ás que se pode aplicar se remonten ao 1 de xaneiro do ano 2022

NOVENA.- MODIFICACIÓN

Calquera modificación dalgunha das cláusulas deberá ser solicitada pola CÂMARA á Fundación, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse, se procederá á súa formalización mediante a correspondente “addenda”.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación canto teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. Por acordo unánime das partes,
3. Por incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no presente Convenio. Calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra en quince (15) días coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable da Comisión de Seguimento establecida na cláusula Décimo cuarta do presente documento. Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase por resolto o convenio.
4. Por decisión de calquera das partes, se sobreviñesen causas que impedisen ou dificultasen de forma significativa a execución do Convenio, e sempre que sexa comunicado por escrito ás outras partes cunha antelación mínima dun mes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.
7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

Se, en caso de resolución do Convenio, existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.



A resolución por incumprimento da CAMARA extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

DÉCIMO SEGUNDA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS E RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

Os resultados froito deste Convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da **FUNDACIÓN** e da **CÁMARA**. A **FUNDACIÓN** resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso, a **CÁMARA** poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a **FUNDACIÓN**, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Segundo o artigo 14.2. da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago De Compostela

D. Román Rodríguez González

D. José Sierra Fernández



ANEXO I
ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

EIXO DA ACTIVIDADE	INDICADOR/OPERATIVA	ORZAMENTO
Eixo I: Realización de labores de asesoramento en captación de axudas e recursos como medida de reactivación do sector cultural en tempos da COVID-19.	<ul style="list-style-type: none"> • Presencialidade dun técnico/a cameral, dous días á semana nun espazo ubicado dentro da Cidade da Cultura e con carácter telemático 5 días á semana. • Resolución das consultas de asesoramento que se presenten. • Realización de dúas actividades informativas/divulgativas sobre temas de interese. Indicadores: folia de firma de presenza de técnico na CDC. Informe bimensual coas consultas atendidas. Presentación de evidencias da realización de dúas actividades informativas sobre temas de interese.	12.000,00 €
Eixo II: Revisión do regulamento de réxime interno do CEM, dende a perspectiva dos criterios de selección das empresas culturais que se ubiquen no CEM.	Revisión do regulamento de réxime interno do CEM, dende a perspectiva dos criterios de selección das empresas culturais que se ubiquen no CEM. Aportación de suxerencias e propostas. Indicador: Emisión de informe asinado pola Secretaría Xeral coa achega de suxerencias e propostas.	2.000,00 €
Eixo III: Preparación de novas convocatorias de prazas e colaboración na divulgación de ditas convocatorias, especialmente enfocadas a acoller novas iniciativas emprendedoras de carácter cultural e creativo.	Colaboración/revisión da redacción das bases da convocatoria orientada á incorporación de novas empresas culturais e creativas ao centro de emprendemento. Indicador: Emisión de informe asinado pola Secretaría Xeral que xustifique a colaboración e revisión da redacción das bases da convocatoria	2.000,00 €
Eixo IV: Fomentar o emprendemento a través da educación, mediante a realización de xornadas especialmente dirixidas aos centros de ensino secundario e ciclos formativos, así como aos centros universitarios, dos sectores relacionados coa industrial cultural e creativa (artes gráficas, imaxe e son, servizos socioculturais e á comunidade), a desenvolver no período de convocatoria das prazas.	Realización de 6 visitas guiadas e xornadas divulgativas. Indicador: Emisión de informe asinado pola Cámara de Comercio coa achega de evidencias (fotografías, folia de firmas...) que demostren a celebración de cada unha das xornadas.	12.000,00 € (2.000 €/visita ou xornada)
Eixo V: Participación na selección de candidatos que presenten a súa candidatura para ocupar prazas	Participación dos técnicos da Cámara na selección dos proxectos presentados. Indicador: Emisión de informe asinado pola	3.000,00 €



convocadas no CEM.	Cámara de Comercio coa achega de evidencias que demostren a súa participación na selección de candidaturas.	
Eixo VI: Preparación e execución de dous programas de titorización e mentorización para o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia, en colaboración coa Fundación INCYDE ou a través dos seus propios recursos.	Organización de 2 programas formativos en colaboración coa Fundación Incyde. Indicador: Emisión de informe asinado pola Cámara de Comercio coa achega de evidencias (fotografías, pantallazos web...) que demostren a celebración dos programas.	9.000,00 €¹ (4.500 €/ programa)
	Orzamento total (Ive incluído)	40.000 €-

Para un mellor cumprimento dos fins e obxectivos reflectidos no presente convenio, e coa finalidade de adaptarse ás diferentes necesidades que se podan presentar, poderá realizarse trasvase nas cantidades orzamentadas entre os diferentes eixos de actuación, dentro dos límites de actuacións máximos fixados na cláusula terceira.

¹ O importe exacto das distintas partidas pode variar en función da obtención do cofinanciamento do Fondo Social Europeo para a realización dos programas de apoio á consolidación de proxectos Empresariais. De non ser posible a realización da devandita actividade por falta de financiamento, xustificárase o importe de total do convenio con cargo ao resto de actividades descritas neste convenio.

